



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Publicación texto íntegro ordenanza de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros

ANUNCIO

Na sesión plenaria celebrada o 27/6/2024 aprobouse inicialmente a “Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros”. Dando conformidade ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publicouse no BOP da Coruña o día 05/07/2024 polo prazo de 30 días hábiles para exposición pública e presentación de alegacións. Pola Xunta de Goberno Local celebrada o 26/07/2024 acordouse ter en conta unha serie de modificacións que foron presentadas como alegacións no prazo de exposición pública e que foron aprobadas polo Concello Pleno en sesión celebrada o 26/09/2024.

Neste pleno de 26/09/2024 acórdase publicar o texto íntegro definitivo da Ordenanza no BOP da Coruña, que queda redactada do seguinte xeito:

“ORDENANZA DAS MEDIDAS DE INCLUSIÓN SOCIAL (OMIS) DO CONCELLO DE OLEIROS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros vén regulamentando, desde o ano 1999, distintos recursos para facer fronte a situacións de vulnerabilidade que non son cubertas por ningunha outra administración pública.

Os rápidos cambios que se produciron no contexto socioeconómico na última década obrigaron a modificacións nesta ordenanza no 2015, no 2016, no 2021 e de novo, neste ano 2024, faise necesaria unha revisión do seu contido para adaptalo á nova realidade coa que nos atopamos no día a día.

Se ben a ordenanza actual amósase como un documento equilibrado, que soubo dar resposta nos últimos anos ás necesidades da poboación veciña de Oleiros, cando se atopaba en situacións de vulnerabilidade económica, é certo que precisa dalgunhas actualizacións para seguir garantindo a máxima eficacia e eficiencia posibles.

Estas actualizacións non veñen tanto da man de cambios no marco normativo, senón sobre todo da necesidade de ter en conta circunstancias socioeconómicas que repercuten moi directamente na sociedade, especialmente naquelas familias cunha situación económica máis precaria. A inflación xeneralizada, principalmente reflectida no custe da vivenda e da alimentación, é un dos factores a ter en conta para realizar os axustes tanto nos límites para ter acceso ás distintas medidas como nas contías das mesmas.

Outro cambio que recolle esta ordenanza é unha nova regulación das prestacións de apoio ao comedor escolar dirixidas ás familias; nos vindeiros cursos escolares estarán unificadas dentro da organización municipal e dependerán só da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade.

Introdúcese, na bonificación nos prezos públicos de actividades municipais recollidas no Título V, a posibilidade de que tamén se beneficien da dita bonificación as e os menores de idade que teñan algunha medida de protección ditada pola Xunta de Galicia, atendendo á especial vulnerabilidade e protección que precisa este colectivo.

Desaparece desta ordenanza o programa do Fondo de Axuda Europea para os máis necesitados (FEAD), xa que neste novo período dos Fondos Europeos houbo un cambio no programa por parte das administracións que fai innecesaria unha regulación nesta ordenanza municipal.

A intencionalidade desta Ordenanza das Medidas de Inclusión Social (OMIS) do Concello de Oleiros é seguir aportando solucións áxiles e dignas ás problemáticas veciñais, dando unha resposta ás necesidades máis básicas, á vez que prever e/ou paliar situacións de vulnerabilidade e garantindo a inclusión social.

Asemade, ten por obxecto dar resposta aos principios de xustiza distributiva e de equidade no ámbito de actuación dos servizos sociais e, á vez, apoiar e acompañar ás persoas nos seus proxectos vitais respectando o dereito á autodeterminación.

Nesta ordenanza o Concello de Oleiros segue a asumir as competencias que se establecen no marco legislativo xeral e no específico dos servizos sociais, competencias que delegan nos concellos a potestade para aplicar e regular os recursos destinados a paliar situacións de vulnerabilidade ou exclusión social.

Así, a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no seu artigo 25.2.k); a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 80 apartado k) e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60.1 a e b, atribúen aos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

Asemade, o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, contempla no seu artigo 9 como Programa básico de servizos sociais o Programa de inserción social que “procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.” O artigo 23 b) especificamente di que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos “participarán, de acordo coa normativa de aplicación, no procedemento de asignación de prestacións económicas de inclusión social, orientadas a satisfacer as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral”.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, acorde co principio de responsabilidade pública, establece que se dispensará especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, e a aquelas que se encontran en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, atribuíndo ao municipio as competencias na execución de programas e proxectos de atención ás familias, no marco da lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, ten por obxecto establecer e regular un conxunto de medidas e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia. Nesta norma regúlense, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de xeito específico, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), en tanto que prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema galego de servizos sociais, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A aplicación desta norma está dirixida a aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo os criterios establecidos no seu artigo 3.

Asemade, como xa quedara recollido na anterior ordenanza, tras a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas e das modificacións que fai da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os concellos poden xestionar prestacións económicas de carácter asistencial sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións.

O esforzo que se fai desde o Concello de Oleiros é importante e imprescindible, asemade segue a ser necesaria e urxente unha profunda reforma do actual modelo de servizos sociais, esgotado e ineficaz, principalmente por parte da administración autonómica, que é a administración competente na súa regulación e ordenación.

Ao abeiro destes preceptos e fundamentos, dítase esta ordenanza, estruturada nun título preliminar, no que se recollen as disposicións xerais e comúns a todas as medidas de inclusión social, posteriormente seis títulos máis nos que se describe cada unha das medidas e as súas particularidades, así como o procedemento sancionador; unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

É obxecto desta ordenanza o desenvolvemento dun conxunto de prestacións, axudas e actuacións dirixidas a favorecer a inclusión das persoas, corrixir as desigualdades, colaborar na cobertura das súas necesidades básicas e evitar situacións de exclusión no ámbito do Concello de Oleiros, desde unha perspectiva normalizadora e respectando sempre a dignidade das persoas.

En determinadas situacións, se así se valora necesario por parte do equipo técnico, se lle ofrecerá ás persoas beneficiarias a posibilidade desenvolver, de forma complementaria, un proxecto de intervención consensuado no seu contido, co fin de apoialas e acompañalas nas accións encamiñadas a modificar as circunstancias que provocan a situación de vulnerabilidade, de risco ou de exclusión social.

ARTIGO 2. TIPOLOXÍA

As medidas de inclusión social do Concello de Oleiros son as seguintes:

- Axudas económicas
- Apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica

- Prestación farmacéutica
- Prestacións de apoio ao comedor escolar
- Bonificación nos prezos públicos de actividades municipais

ARTIGO 3. PERSOAS BENEFICIARIAS

As medidas de inclusión social están dirixidas a todas aquelas persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles dificulte ou imposibilite a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas que cómpre cubrir de forma urxente.

Para os efectos desta ordenanza, considérase unidade familiar/convivencia ao conxunto de persoas que conviven no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

Como regra xeral, non poderán ser beneficiarias da mesma axuda dúas persoas da mesma unidade familiar, así como unha mesma persoa non pode formar parte de dúas ou máis unidades familiares de forma simultánea.

Poderase valorar que nun domicilio convivan máis dunha unidade familiar e considerarse independentes, cando así estea xustificado na intervención por parte do equipo de profesionais dos servizos sociais comunitarios de Oleiros, debendo quedar constancia da dita valoración e os seus motivos no rexistro que se faga da actuación.

ARTIGO 4. REQUISITOS XERAIS

Os requisitos xerais para ter dereito a estas axudas son os seguintes:

- a) Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón Municipal do Concello de Oleiros cunha antigüidade mínima de catro meses.

Poderá exceptuarse deste requisito cando así se valore por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais de acordo á gravidade ou ao carácter sobrevido da súa situación. Esta excepcionalidade deberá estar recollida no informe proposta que se faga da medida de inclusión e deberá quedar descrito o criterio adoptado na intervención que se leve a cabo.

- b) Acreditar a situación económica e laboral familiar, así como colaborar á hora de proporcionar a información e a documentación necesaria para poder valorar cada solicitude.

- c) Os ingresos da unidade familiar non poderán superar o límite establecido para cada unha das medidas. A determinación das contías límites de acceso teñen como referencia unha porcentaxe do IPREM establecido para cada ano, distinta en cada unha das medidas; así como a suma das porcentaxes correspondentes a cada persoa a maiores da solicitante da unidade familiar seguindo os criterios establecidos na lei de inclusión social de Galicia para o cálculo da risga: 14% do IPREM para a segunda persoa, 12% para a terceira e 10% para a cuarta e sucesivas, agás na medida de Prestacións de Apoio ao Comedor Escolar, que virán recollidas no Título cuarto, Artigo 20.

Ver o Anexo I, onde se recolle un cadro co límite de ingresos para poder acceder a cada unha das medidas de acordo ao IPREM aprobado para o ano 2024.

- d) Computaranse como ingresos todos aqueles ingresos netos que existan na unidade familiar en concepto de rendas, retribucións, pensións, prestacións... agás aqueles que teñan un carácter finalista e o complemento familiar da Seguridade Social.

No suposto da libranza para coidados no entorno familiar por dependencia poderanse descontar deses ingresos aqueles gastos dirixidos a terapias e atencións persoais á persoa dependente regulares debidamente xustificadas.

- e) Para o cálculo deste límite de ingresos que dá acceso a cada unha das medidas poderase descontar o importe correspondente ao aluguer ou pago da hipoteca da vivenda habitual.

O importe máximo a descontar establécese de acordo ao número de persoas da unidade familiar recollido no seguinte cadro.

IMPORTE MÁXIMO A DESCONTAR DOS INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR EN EN CONCEPTO DE ALUGUER/HIPOTECA	
1-2 PERSOAS	500,00€
3-4 PERSOAS	550,00€
5 ou máis PERSOAS	600,00€

Tamén poderanse descontar dos ingresos os gastos destinados ao pago de pensións de alimentos para fillos/as sempre e cando se acredite o seu pago real e efectivo.

En todos os casos descontarase un importe básico, sen necesidade de xustificación, en concepto xeral de subministrados básicos nunha contía establecida de acordo ao número de persoas da unidade familiar recollido no seguinte cadro:

IMPORTE MÁXIMO A DESCONTAR DOS INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR EN EN CONCEPTO DE SUBMINISTROS BÁSICOS	
1-2 PERSOAS	30,00€
3-4 PERSOAS	40,00€
5 ou máis PERSOAS	50,00€

- f) As medidas contempladas nesta ordenanza, non teñen a consideración de subvencións de acordo coa Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que no seu artigo 29 modifica o artigo 2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, co fin de non empeorar a situación debedora coa Facenda Local, a persoa solicitante poderá solicitar unha moratoria do pago ou un fraccionamento da débeda nos termos e coas características que, en todo caso, determine en cada momento a Oficina de Recadación Municipal. Para este trámite os Servizos Sociais Comunitarios de Oleiros emitirán un informe de vulnerabilidade se así é necesario.

ARTIGO 5. DOCUMENTACIÓN

Co fin de poder valorar a situación o mais actualizada posible e á situación real, deberán presentar, con carácter xeral, a seguinte documentación xunto co modelo solicitude que se estableza dende a concellería competente:

- a) Documento de identificación persoal (DNI, NIE ou pasaporte no caso de non ter ningún dos anteriores) de todas as persoas da unidade familiar. En caso de persoas estranxeiras comunitarias (pasaporte ou documento de identificación do seu país de orixe máis o NIE)
- b) Libro de familia ou documentos que xustifiquen a filiación (como por exemplo partida de nacemento, acta de matrimonio...)
- c) Vivenda:
- Copia do contrato de aluguer ou último recibo do IBI.
 - Último xustificante de pago da vivenda de aluguer ou hipoteca.
- d) Xustificación económica/laboral de todas as persoas da unidade familiar maiores de idade correspondente aos TRES (3) últimos meses (segundo a situación na que se atopen):
1. No caso de estaren a traballar:
 - Contrato/s de traballo e as tres (3) últimas nóminas.
 - Autónomos: recibo do pago da cota de autónomos dos tres últimos meses.
 2. No caso de que exista unha situación de desemprego:
 - Tarxeta actualizada de desemprego.
 - Xustificante do SEPE de percibir ou non prestación e/ou subsidio.
 3. No caso de non poder achegar a documentación acreditativa da súa situación económica/laboral por estar en proceso de regularizar a súa situación administrativa, deberá achegar unha declaración responsable na que expoña a realidade económica da unidade familiar e aclare os seus ingresos económicos.
- e) Xustificante de calquera outro tipo de ingreso que estea a percibir ou teña recoñecido (pensión de alimentos, pensións compensatorias, renda de integración social, ingreso mínimo vital...)
- f) Todas as persoas que forman parte da unidade de convivencia deberán asinar no modelo de solicitude a autorización necesaria para consultar os seus datos ante a Oficina de Recadación Municipal, Axencia Tributaria, o INSS e o Catastro co fin de poder valorar a súa situación económica e a súa obriga de estar ao día nas obrigas tributarias con Concello de Oleiros.
- g) No caso de solicitar unha axuda económica deberá achegar un xustificante no que figure a persoa solicitante como titular dunha conta bancaria co IBAN completo. De non ter conta bancaria ou non poder utilizala deberá informar á traballadora social.

- h) Acreditación da débeda ou gasto para o que solicita a axuda: facturas pendentes de pago, xustificante de débedas ou orzamento de gasto estimado.
- i) Outra documentación (de ser o caso):
 - Certificado de discapacidade
 - Resolución da situación de dependencia
 - Sentenza de divorcio/separación.
 - Convenio regulador.
- j) Calquera outra documentación que se estime necesaria requirir por parte dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Oleiros co fin de poder valorar a situación e determinar a idoneidade ou non da concesión da medida solicitada.

ARTIGO 6. TRAMITACIÓN

6.1 A tramitación e resolución xeral das ditas axudas seguirá o seguinte procedemento:

- a) O procedemento iniciarase a solicitude da persoa interesada como norma xeral ou de oficio polo equipo técnico do Departamento de Servizos Sociais e Igualdade en caso de ser necesario.
- b) A presentación da solicitude deberá efectuarse nun dos rexistros do Concello de Oleiros, ou por calquera medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Deberá empregarse para tal efecto o modelo normalizado, dispoñible tanto na páxina web do Concello como no rexistro xeral e dependencias de Servizos Sociais; así como a documentación establecida no artigo 5 desta ordenanza.
- c) Revisión da solicitude e da documentación por parte do persoal da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade. No suposto de que a documentación estivese incompleta ou sexa necesario achegar algunha a maiores para poder valorar a solicitude, requiriráselle á persoa solicitante polo medio máis axeitado para poder valorala e resolvela coa maior brevidade posible, de forma que quede constancia do dito requirimento.
- d) Con carácter xeral, realizarase unha visita domiciliaria por parte do equipo técnico da concellería de Servizos Sociais e Igualdade para valorar a situación de necesidade e a residencia efectiva.
- e) Elaboración dun informe-proposta no que se recollan os datos básicos da persoa solicitante para a súa identificación e a proposta de resolución das medidas solicitadas.
- f) Resolución ditada pola/o concelleira/o competente nos termos do artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, que será motivada no caso de ser denegatoria.
- g) Notificación na forma e prazos establecidos no artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

6.2 A tramitación e resolución das prestacións de apoio ao comedor escolar na convocatoria ordinaria do mes de xuño seguirá este procedemento:

A instrución do procedemento corresponderá a un órgano instrutor integrado por unha educadora social, que estará apoiada polo persoal administrativo.

A valoración das solicitudes será realizado por un órgano colexiado denominado Comisión de Valoración e que estará integrado por unha auxiliar administrativa, unha educadora social, distinta da que integra o órgano instrutor, unha traballadora social e pola coordinación do Departamento de Servizos Sociais.

As actuacións dentro do procedemento serán as seguintes:

- Unha vez rematado o prazo de solicitudes efectuarase a avaliación das mesmas por parte da Comisión de Valoración, quen poderá solicitar o apoio que estime oportuno do resto do equipo da concellería de Servizos Sociais e igualdade para a valoración das solicitudes.
- Tras esa valoración elaborará unha listaxe provisional co estado de cada solicitude, aos efectos da súa publicación e exposición pública. Os estados da solicitude poderán ser:
 - o Completa: no caso de que a solicitude conte con toda a documentación e requisitos necesarios para a súa valoración.
 - o Incompleta: no caso de que a solicitude non reúna toda a documentación necesaria para a súa valoración ou falte algún dos requisitos para a súa comprobación. Neste suposto, na listaxe provisional, recollerase a documentación ou requisito que falte.

- o Fóra de prazo: cando a solicitude presentada non respecte ás datas establecidas na convocatoria.
- o Outros: calquera outra situación que non se axuste ás tres opción anteriores.
- Esta listaxe será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Oleiros e no taboleiro das oficinas do propio Departamento de Servizos Sociais e Igualdade, informarse á poboación da súa publicación a través da web municipal, dos paneis informativos, así como por SMS aos teléfonos móbiles que se indiquen na solicitude.
- Unha vez publicada a listaxe provisional abrirase un prazo de dez días hábiles, a contar a partir do día seguinte da súa publicación, para que as persoas interesadas presenten a documentación requirida e/ou as alegacións que estimen oportunas, advertindo que, no caso de non subsanar en prazo, vaise propoñer a súa denegación.
- Tras rematar o prazo de presentación de alegacións e de documentación requirida a Comisión de Valoración estudará toda a documentación achegada co fin de elaborar unha proposta de resolución definitiva para trasladar ao órgano instructor. A avaliación das solicitudes efectuarase de conformidade aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidas nesta convocatoria.
- O órgano instructor formulará unha proposta de resolución que trasladará ao órgano concedente, a concelleira de servizos Sociais e Igualdade, para a súa concesión.
- Tanto a listaxe provisional requirindo documentación como a resolución definitiva, coas concesións e denegacións, estará ordenada alfanuméricamente –en orde ascendente- segundo o número de identificación persoal da persoa solicitante.
- Na resolución definitiva figurarán todas as persoas solicitantes con dereito á dita prestación, ata esgotar o orzamento previsto, sempre e cando cumpran todos os requisitos e non superen os límites establecidos no artigo 3 desta convocatoria, así como as solicitudes denegadas e os motivos de denegación.
- A resolución definitiva deberá ditarse no prazo de catro meses desde que remate o prazo de presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude.
- Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero mediante orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite polas persoas interesadas, ou o Concello o considere oportuno por dito motivo, aínda que non fose solicitado expresamente.

ARTIGO 7. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NA RESOLUCIÓN

- a) A concesión das axudas recollidas na presente ordenanza está suxeita á existencia de orzamento nas contas xerais do Concello de Oleiros.
- b) En todo momento, garantírase a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes de conformidade coa lexislación vixente.
- c) A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderase interpor un recurso potestativo de reposición ante a sexta tenencia de alcaldía delegada da área de Servizos sociais e Igualdade (potestade delegada polo Decreto de Alcaldía nº 2023003281, de 21/06/2023), no prazo dun (1) mes desde a notificación do acordo, ou directamente o recurso contencioso administrativo ante o xulgado deste orden da Coruña, no prazo de dous meses desde a notificación do acordo.

TÍTULO PRIMEIRO: DAS AXUDAS ECONÓMICAS

ARTIGO 8. DEFINICIÓN

Son prestacións económicas non periódicas de carácter extraordinario e de pagamento único, cun carácter finalista, dirixidas a paliar situacións carenciais graves e urxentes relacionadas coa cobertura de necesidades básicas que non é posible resolver mediante a tramitación doutras axudas ou prestacións.

Tamén poden servir como apoio para a cobertura de necesidades básicas que sen ser urxentes están directamente relacionadas co proxecto de intervención dunha persoa ou unidade familiar cara á súa inclusión social.

En relación a estas axudas económicas, enténdense por necesidades básicas:

- a) As relacionadas coa vivenda (pago do aluguer ou hipoteca, dotación do equipamento ou mobiliario básico, débedas de subministracións...)
- b) As de alimentación e/ou vestiario.
- c) Os desprazamentos encamiñados a apoiar a súa inserción social, laboral ou formativa/académica.
- d) A procura dun aloxamento ou manutención con carácter temporal.

e) Calquera outra situación que, a valoración do persoal técnico da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade, se considere que encaixa no obxecto destas axudas e se valoran necesarias para apoiar unha intervención social, realizada coa persoa ou unidade familiar beneficiaria.

Estas axudas son compatibles con calquera outra prestación, axuda ou pensión pública da que sexan titulares ou puidesen ser as persoas beneficiarias.

ARTIGO 9. IMPORTE

O importe máximo anual do conxunto das axudas concedidas nunha unidade familiar establécese en relación ao número de persoas que configuran esa unidade familiar, atendendo ao seguinte cadro. Poden solicitarse en varias ocasións sempre e cando non se supere o dito importe no ano natural.

IMPORTE MÁXIMO ANUAL EN CONCEPTO DE AXUDA ECONOMICA POR UNIDADE FAMILIAR	
1-2 PERSOAS	1.200,00€
3-4 PERSOAS	1.400,00€
5 ou máis PERSOAS	1.600,00€

Excepcionalmente e de forma extraordinaria poderase superar o importe máximo anual establecido, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a xuízo do persoal técnico da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe proposta, e deberán constar, de forma pormenorizada, os motivos aos que se debe a excepcionalidade na intervención que se leve a cabo.

ARTIGO 10. FORMAS DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O pagamento da axuda económica realizarase preferentemente mediante transferencia bancaria ou transferencia ao provedor/a, no suposto que sexa para o pago dun produto ou servizo e sexa posible facelo directamente ao provedor/a.

Excepcionalmente poderase facer o pago a través dun cheque nominativo ou a través doutras medidas que se poidan adoptar conxuntamente entre a concellería competente da concesión e a do pago.

A axuda deberá ser destinada á finalidade para a cal foi concedida e realizar un uso responsable desta. A persoa beneficiaria deberá presentar a xustificación da axuda concedida no prazo máximo de tres (3) meses, a contar desde a data da resolución de concesión, agás que este prazo poida estenderse por causas debidamente xustificadas e acreditadas.

A non xustificación implicará a conseguinte sanción, de acordo ao recollido no Título VII da presente Ordenanza.

ARTIGO 11. LÍMITES DE INGRESOS PARA O ACCESO ÁS AXUDAS ECONÓMICAS

O límite de ingresos para acceder ás axudas económicas, unha vez descontados os gastos recollidos nos apartados d) e e) do artigo 4 que puidese corresponder en cada caso, será para unha persoa do 100% do IPREM engadindo para unidades de convivencia con máis persoas o importe das porcentaxes recollidas no apartado c) do antedito artigo.

Excepcionalmente e de forma moi puntual, poderá exceptuarse deste requisito cando concorran causas graves e de vital importancia a valoración do equipo técnico. Non obstante, nestes casos, o límite de ingresos da unidade familiar non poderá superar o 150% do límite establecido para esta medida nese suposto e a dita valoración técnica deberá estar avalada pola coordinación técnica do Departamento.

TÍTULO SEGUNDO: APOIO NA ALIMENTACIÓN E NA HIXIENE PERSOAL E DOMÉSTICA

ARTIGO 12: DEFINICIÓN

O apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica é unha medida dirixida a contribuír na cobertura das necesidades básicas de alimentación e de produtos de hixiene persoal e de limpeza doméstica que hai nunha unidade familiar, cando existan especiais dificultades en garantilas pola súa precaria situación económica.

A persoa beneficiaria recibirá un importe determinado, en función da súa situación, que se renovará mensualmente, a través dos medios que estableza a concellería competente en cada momento.

Con carácter xeral, estas axudas son incompatibles con aquelas outras de similares características e co mesmo fin, ás que puidese ter acceso a persoa solicitante por parte doutras administracións.

ARTIGO 13: DURACIÓN

Inicialmente, a concesión da axuda de apoio na alimentación e na hixiene será por un período máximo de tres (3) meses. Con carácter excepcional e de forma extraordinaria, poderase prorrogar por ata tres (3) meses máis como máximo.

O número máximo de meses que poderá ser beneficiaria unha unidade familiar será de seis (6) meses nun ano natural. Tampouco poderá ser beneficiaria de mais seis meses seguidos cando coincidan entre dous anos naturais.

Poderanse estender no tempo cando concorran circunstancias que, pola súa gravidade, se valore por parte dos servizos sociais comunitarios de Oleiros a necesidade de prorrogala máis aló desta limitación temporal. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe proposta, e deberán constar, de forma pormenorizada, os motivos aos que se debe a excepcionalidade na intervención que se leve a cabo.

ARTIGO 14: LÍMITES DE INGRESOS PARA O APOIO NA ALIMENTACIÓN E NA HIXIENE PERSOAL E DOMÉSTICA

O límite de ingresos para acceder ao apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica, unha vez descontado os gastos recollidos nos apartados d) e e) do artigo 4 que puidese corresponder en cada caso, será para unha persoa do 90% do IPREM engadindo para unidades de convivencia con máis persoas o importe das porcentaxes recollidas no apartado c) do antedito artigo.

Cando os ingresos non superen o 50% do límite inicial a contía da medida de apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica verase incrementada, de acordo ao cadro recollido no artigo 15.

ARTIGO 15: IMPORTE DO APOIO NA ALIMENTACIÓN E NA HIXIENE PERSOAL E DOMÉSTICA

O importe da medida de apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica será en función do número de persoas da unidade familiar e dos seus ingresos económicos, de acordo ao seguinte cadro:

NÚMERO DE PERSOAS	IMPORTE DA AXUDA	IMPORTE DA AXUDA (non supera o 50% do límite)
1	125,00 €	175,00 €
2	200,00 €	250,00 €
3	275,00 €	325,00 €
4 ou máis	350,00 €	400,00 €

TÍTULO TERCEIRO: PRESTACIÓN FARMACÉUTICA

ARTIGO 16: DEFINICIÓN

A prestación farmacéutica consiste no pagamento, por parte do Concello de Oleiros, do importe que lle corresponde asumir á persoa solicitante ou algunha outra das persoas da unidade familiar, no custo das medicacións que precisa en tratamentos médicos continuos de enfermidades crónicas ou episodios agudos graves, pautadas desde o sistema público de saúde.

Unicamente concederáse esta prestación naqueles supostos nos que o custo das medicacións que se precisan non se poidan asumir por atoparse nunha precaria situación económica e non ter outro medio de obtelas gratuitamente.

O contido da prestación farmacéutica será única e exclusivamente daquelas medicacións incluídas na folla de medicación activa da tarxeta sanitaria. Sempre que sexa posible proporcionaranse medicamentos xenéricos.

Naqueles supostos que sexan pautadas medicacións non cubertas polo sistema sanitario público deberá achegarse un informe médico no que se prescriba a dita medicación.

A folla de medicación activa, así como os datos da receita ou os do informe médico de ser o caso, deberán corresponderse cos da/s persoa/s beneficiaria/s da prestación farmacéutica.

Non se inclúen na prestación farmacéutica as vacinas infantís, os produtos de beleza e estética, os complexos vitamínicos..., agás que as enfermidades e diagnósticos da persoa beneficiaria así o xustificuen, tras valoración previa por parte do equipo técnico dos Servizos Sociais Comunitarios de Oleiros. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe proposta, e deberán constar, de forma pormenorizada, os motivos aos que se debe a excepcionalidade na intervención que se leve a cabo.

No informe proposta de resolución da solicitude deberá figurar a persoa ou persoas da unidade familiar beneficiarias da prestación farmacéutica. Para poder acceder ás medicacións as persoas beneficiarias deberán seguir as instrucións do procedemento establecido para tal efecto polos Servizos Sociais Comunitarios de Oleiros.

ARTIGO 17: DURACIÓN

A duración da prestación farmacéutica será mentres persistan as causas, tanto de saúde como económicas, que deron lugar á concesión. Ambas revisaranse de oficio periodicamente por parte do equipo técnico dos Servizos Sociais Comunitarios de Oleiros, que determinará o momento oportuno dependendo de cada caso, sendo, como mínimo, unha vez ao ano.

ARTIGO 18: LÍMITES DE INGRESOS PARA A PRESTACIÓN FARMACÉUTICA

O límite de ingresos para acceder á prestación farmacéutica, unha vez descontados os gastos recollidos nos apartados d) e e) do artigo 4 que puidese corresponder en cada caso, será para unha persoa do 80% do IPREM engadindo para unidades de convivencia con máis persoas o importe das porcentaxes recollidas no apartado c) do antedito artigo.

TÍTULO CUARTO: DA PRESTACIÓN DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR**ARTIGO 19: DEFINICIÓN**

A prestación de apoio ao comedor escolar é unha axuda económica de carácter finalista, dirixida a cubrir o custo, íntegro ou parcial, da praza de comedor escolar dos centros públicos do Concello de Oleiros nos que a xestión do servizo do comedor corre a cargo das asociacións de nais e pais (ANPA).

A finalidade deste medida de inclusión é garantir a cobertura das necesidades básicas de alimentación do alumnado, así como contribuír á conciliación da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares que cumpran cos requisitos de acceso.

O alumnado ten que estar matriculado nun centro público de Oleiros no que a xestión do servizo do comedor sexa desenvolta pola súa ANPA e esta teña asinado un convenio de colaboración para este fin co Concello de Oleiros.

A contía mensual do custo do servizo de comedor vén establecida polas correspondentes entidades xestoras, é dicir, polas ANPAs e quedará reflectida nos correspondentes convenios anuais asinados co Concello de Oleiros.

O importe da prestación concedida variará en función dos ingresos da unidade de convivencia de acordo aos límites establecidos nesta medida. Poderá ser do 100%, do 60% ou do 40% do custo mensual do comedor escolar e cubrirá todo o curso escolar ou os meses que se determinen no momento da súa concesión.

Con carácter xeral haberá un prazo ordinario de solicitude no mes de xuño anterior ao inicio do curso escolar, que se iniciará o primeiro día hábil e finalizará o último día hábil dese mes de xuño. O trámite farase de acordo ao procedemento recollido no artigo 6.2.

Poderanse solicitar fóra deste prazo só no suposto de que concorran causas sobrevidas ao mesmo que xustifiquen non ter presentado a solicitude no dito prazo ordinario. Estas causas deberán ser valoradas polo equipo técnico do Departamento de Servizos Sociais, con visto e prace favorable.

Nestes supostos extraordinarios de fóra do prazo ordinario a axuda poderá ter carácter retroactivo, isto é, o alumnado poderá acudir ao comedor escolar antes de presentar a solicitude. Esta incorporación urxente estará xustificada segundo a información que exista nos Servizos Sociais, sempre que se teña constancia de que a unidade familiar é susceptible de ser beneficiaria. Dita retroactividade non poderá ser superior a 10 días naturais ao momento de presentar a solicitude e sempre dentro do mesmo mes natural.

A efectividade da prestación de comedor escolar concedida estará sempre condicionada á dispoñibilidade por parte da ANPA de prazas no comedor de cada centro.

O pagamento desta medida de inclusión social realizarase sempre directamente á ANPA, previa certificación da asistencia tal e como se recolle nos convenios asinados coas mesmas.

ARTIGO 20: LÍMITES DE INGRESOS PARA O ACCESO Á PRESTACIÓN DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR

Para o cálculo do límite de ingresos desta medida vaise ter en conta con carácter xeral os datos que consten na Axencia Tributaria, Catastro e INSS. No suposto de que existan circunstancias que varíen notablemente as circunstancias económicas das que figuren neses organismos no momento da comprobación, poderán presentar documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar de todo o ano natural en curso ata ese momento.

A efectos de ingresos computarase como tal o 5% de todas aquelas propiedades que figuren no Catastro a nome das persoas convivintes e que non teñan a consideración de vivenda habitual.

Unha vez descontados os gastos recollidos no apartados d) e e) do artigo 4 que puidesen corresponder en cada caso, o límite de ingresos para acceder á prestación de apoio ao comedor escolar, nos seus distintos importes, serán os establecidos na seguinte táboa. O límite de partida para esta medida será o 100% do IPREM para unha axuda do 100% do coste, do 200% do IPREM para unha axuda do 60% do coste e do 250% do IPREM para unha axuda do 40% do coste. A este límite de partida para unha persoa se lle engadirán as seguintes porcentaxes en función das persoas que conformen a unidade de convivencia: 18% para a segunda persoa, 40% para a terceira persoa, 66% para a cuarta persoa e 12% para a quinta e sucesivas

TÍTULO QUINTO: BONIFICACIÓN NOS PREZOS PÚBLICOS DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS**ARTIGO 21: DEFINICIÓN**

Nalgunha das actividades municipais organizadas polo Concello de Oleiros, especialmente as de carácter social, cultural, deportivo, educativo, de lecer e tempo libre... está prevista unha redución no prezo público para aquelas familias que

presenten un informe do Departamento de Servizos Sociais que acredite a súa situación de vulnerabilidade económica e que lle dificulta asumir o custo normal do dito prezo público.

Con carácter xeral, esta redución no prezo público será do 95% aínda que poderá variar en función do establecido por cada concellería no momento da aprobación do prezo público.

Esta bonificación será efectiva tamén para todas as nenas e nenos que teñan ditada algunha medida de protección pola Xunta de Galicia.

ARTIGO 22: LÍMITES DE INGRESOS PARA O ACCESO Á BONIFICACIÓN NOS PREZOS PÚBLICOS DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS

O límite de ingresos para acceder á bonificación nos prezos públicos das actividades municipais, unha vez descontado os gastos recollidos nos apartados d) e e) do artigo 4 que puidese corresponder en cada caso, será para unha persoa do 100% do IPREM engadindo para unidades de convivencia con máis persoas o importe das porcentaxes recollidas no apartado c) do antedito artigo.

Excepcionalmente e de forma extraordinaria poderase bonificar o prezo público en unidades familiares que superen este límite establecido, sempre e cando se considere necesario como parte da intervención que se está a realizar desde Servizos Sociais con esa persoa ou unidade familiar. A dita excepcionalidade e a súa motivación deberá constar, de forma pormenorizada, na intervención que se leve a cabo.

TÍTULO SEXTO: PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 25: INFRACCIÓNS

Considéranse infraccións, ao disposto nesta Ordenanza, calquera incumprimento das súas prescricións, clasificándose en leves, graves e moi graves atendendo na súa gradación á intencionalidade, á natureza dos prexuízos causados, á reiteración na comisión dos feitos e ás perturbacións ocasionadas ás demais persoas usuarias.

A tipoloxía das infraccións é:

a) Infraccións leves.

1. Terá a consideración de infracción leve o falseamento, ocultación ou terxiversación de datos relacionados coas solicitudes que dean lugar á instrución dos procedementos das distintas medidas, no caso de contar cos requisitos establecidos para elas.
2. Igualmente considerarase a comisión da infracción coma leve no suposto no que a persoa interesada non chegase a obter a axuda por denegación desta por parte do Concello.

b) Infraccións graves.

1. Terá consideración de infracción grave o falseamento, ocultación ou terxiversación de datos relacionados coas solicitudes que dean lugar á instrución dos procedementos das distintas medidas, de xeito intencionado e sen contar cos requisitos necesarios para acceder a elas.
2. A non xustificación da axuda concedida no prazo establecido no artigo 10 considerarase unha infracción grave.
3. O incumprimento no pago da porcentaxe que lle corresponde aboar ás familias daqueles menores de idade que teñan concedidas unha prestación de comedor escolar inferior ao 100% do seu custo.
4. A reincidencia na comisión de infraccións leves tamén será considerada unha infracción grave. Enténdese por reincidencia a comisión de dúas ou máis infraccións leves.

c) Infraccións moi graves.

Terá consideración de infracción moi grave a reincidencia na comisión de infraccións graves. Enténdese por reincidencia, a comisión de dúas ou máis infraccións graves.

ARTIGO 26: SANCIÓN

O Alcalde ou Alcaldesa do Concello, ou ben a persoa titular da concellería que teña delegadas as funcións, serán competentes para impoñer as sancións cando procedan, logo da instrución do correspondente expediente sancionador de acordo coa lexislación vixente.

A tipoloxía das sancións é:

a) Sanción pola comisión de infraccións leves.

As infraccións de carácter leve serán sancionadas con amoestación á persoa interesada.

b) Sanción pola comisión de infraccións graves.

As infraccións de carácter grave serán sancionadas coa perda da prestación concedida con carácter inmediato á resolución que poña fin ao procedemento sancionador, que contará necesariamente coa audiencia á persoa interesada.

Durante o prazo de seis (6) meses dende a resolución do procedemento sancionador non terá dereito a ningunha das medidas que se establecen na presente Ordenanza.

c) Sanción pola comisión de infraccións moi graves.

As infraccións de carácter grave serán sancionadas coa perda da prestación concedida con carácter inmediato á resolución que poña fin ao procedemento sancionador, que contará necesariamente coa audiencia da persoa interesada.

Durante o prazo de un (1) ano dende a resolución do procedemento sancionador non terá dereito a ningunha das axudas das que se establecen na presente Ordenanza.

Disposición transitoria: os expedientes iniciados antes da entrada en vigor desta ordenanza continuarán a súa tramitación conforme ordenanza de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros publicada no BOP do 24/08/2021.

Disposición derogatoria: a presente ordenanza derroga e substitúe á anterior ordenanza de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros publicada no BOP do 24/08/2021.

Disposición final: esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa aprobada definitivamente, publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P) e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/85)

Anexo I: cadro resumen dos límites de ingresos para acceder ás distintas medidas de inclusión social.

Elaborado de acordo ao IPREM na actualidade (600 €). Estas táboas veranse modificadas na medida en que se incremente o IPREM

1. AXUDAS ECONÓMICAS

% IPREM	* 100 % do IPREM
Nº PERSOAS	IMPORTE LÍMITE
1*	600,00 €
2	684,00 €
3	756,00 €
4	816,00 €
5	876,00 €
6	936,00 €
7	996,00 €

2. APOIO NA ALIMENTACIÓN E NA HIXIENE

% IPREM	* 90 % do IPREM	
Nº PERSOAS	IMPORTE LÍMITE	IMPORTE < 50% LÍMITE
1*	540,00 €	270,00 €
2	624,00 €	312,00 €
3	696,00 €	348,00 €
4	756,00 €	378,00 €
5	816,00 €	408,00 €
6	876,00 €	438,00 €
7	936,00 €	468,00 €

3. PRESTACIÓN FARMACEÚTICA

% IPREM	* 80 % do IPREM
Nº PERSOAS	IMPORTE LÍMITE
1*	480,00 €
2	564,00 €
3	636,00 €
4	696,00 €
5	756,00 €
6	816,00 €
7	876,00 €

4. PRESTACIÓN DE APOIO AOS COMEDORES ESCOLARES

	* 100 % do IPREM	* 200 % do IPREM	* 250 % do IPREM
Nº DE PERSOAS NA UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE PARA BONIFICACION 100%	IMPORTE PARA BONIFICACION 60%	IMPORTE PARA BONIFICACION 40%
1	600,00 €	1.200,00 €	1.500,00 €
2	708,00 €	1.308,00 €	1.608,00 €
3	840,00 €	1.440,00 €	1.740,00 €
4	996,00 €	1.596,00 €	1.896,00 €
5	1.068,00 €	1.668,00 €	1.968,00 €
6	1.140,00 €	1.740,00 €	2.040,00 €
7	1.212,00 €	1.812,00 €	2.112,00 €

5. PRESTACIÓN FARMACEÚTICA

% IPREM	* 100 % do IPREM
Nº PERSOAS	IMPORTE LÍMITE
1*	600,00 €
2	684,00 €
3	756,00 €
4	816,00 €
5	876,00 €
6	936,00 €
7	996,00 €

Oleiros, 27 de setembro do 2024

O alcalde

Angel García Seoane

2024/6825